

# PREVENTIGIRL

Na xungla de asfalto  
guión e debuxos: xosé tomás



Querida Preventigirl, son Omar. Onte a profe mandounos facer un proxecto sobre como debemos actuar na rúa, cos coches, nas estradas, e que mellor que pedirle consello a unha experta coma ti!





Cando cruzamos unha estrada, sempre debemos facelo polos pasos de peóns, e coa precaución de mirar cara ambos lados

Dentro dun vehículo, temos que levar posto o cinto, que en máis dunha ocasión nos salvará a vida




Cando teñamos que camiñar ao longo dunha estrada ou dun camiño, faremolo sempre do lado esquerdo, para ver ben aos coches cando se nos acerquen



Se temos 12 anos ou menos, debemos usar unha cadeira especial ou elevador dentro do coche



E se temos que facer unha excursión en bus co cole, ou a calquera outro sitio, hai que facelo sentados comportándose correctamente



No coche, nunca se pode sacar a cabeza ou os brazos pola ventanilla. É moi perigoso



Pero tamén hai moitas cousas que debemos evitar. Por exemplo, nunca vaiamos tras unha pelota que se nos escapa cara a estrada

E non crucemos unha estrada por diante dun autobús. É mellor agardar a que este se vaia e teñamos boa visibilidade



E xamais podemos xogar a que un coche ou outro vehículo nos remolque cando imos en monopatin



Vamos, resumindo, ei diría que antes de actuar, o que temos que facer é mirar e, sobre todo, pensar, para evitar problemas



Querido Omar: creo que con xente tan responsable coma ti eu tería moito menos traballo. Parabéns polas túas ideas. Sen dúbida as túas actitudes axudarán a que a vida "circule" mellor. Pero, iso si! Haberá que falar cos maiores para solucionar este problema dos ruidos! QUE TOLEMIA!!

**fin**

NESTA ESCENA PODES OBSERVAR A XENTE QUE ESTÁ A COMPORTARSE CORRECTAMENTE E CON SEGURIDADE, E XENTE QUE NON. ESCRIBE NOS CÍRCULOS SI OU NON SEGUNDO CORRESPONDA

# ETI, QUE FARÍAS?

